



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

#### LISTA DE ASISTENTES

D. Miguel Alfonso Pallarés  
D. Luis Alonso Bacigalupe  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Luisa Alonso Escontrela  
D. Rodrigo Alonso Ricart  
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín  
D. Ramón Araujo Casado  
D. Miguel Ángel Areán Míguez  
D. Xosé Carlos Arias Moreira  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Juan Blanco Gutiérrez  
D. Camilo Brandín Feijoo  
D. Jorge Bravo Bernárdez  
D<sup>a</sup>. Soledad Bugallo Petit  
D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
D. Lino Pedro Canedo de la Torre  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Carballo-Calero Ramos  
D. Víctor Cardador González  
D. Alfonso Caride Losada  
D. Benjamín Pablo Casanova López  
D. Javier Castro Martínez  
D. Pablo Javier Cebra Loureda  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. Alonso Cid Sabucedo  
D. José Cidrás Pidre  
D<sup>a</sup> Patricia Corbacho Suso  
D. Xosé Henrique Costas González  
D. Tony Crespo Franco  
D. Miguel Ángel Crestelo Blanco  
D. Pedro Cuesta Morales  
D. José M<sup>a</sup>. da Rocha Álvarez  
D. Jesús De Andrés Iglesias  
D. Guillermo De Oca Cancela  
D<sup>a</sup>. Encarnación De Miguel Villegas  
D. Javier De Vicente Remesal  
D<sup>a</sup>. Coral del Río Otero  
D. Jaime Díaz de Bustamante  
D. Domingo Docampo Amoedo  
D. José Durany Castrillo  
D. Luis Espada Recarey  
D. Miguel Ángel Esparza Torres  
D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Manuel Fernández Cruz  
D. Manuel Fernández Gesto  
D<sup>a</sup>. Esperanza Fernández Gómez  
D. Manuel J. Fernández Iglesias  
D<sup>a</sup>. Generosa Fernández Manín  
D. Celso Fernández Silva  
D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día vinteun de xuño de dous mil un, ás 16:00 horas en primeira convocatoria e ás 16:30 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 21 de xuño de 2001**, ás 16:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (3-04-2001) e (14-05-2001).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Presentación do balance anual do Rector.
- 4.- Aprobación, se procede, do acordo de integración da titulación de Relacións Laborais (X.G. 28-05-01).
- 5.- Aprobación, se procede, da proposta de creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (X.G. 28-05-01).
- 6.- Proposta de creación de novos Departamentos: Lingua Española, Literatura Española e Teoría da Literatura, Traducción e Lingüística, Dereito Público Especial (X.G. 5-06-01)
- 7.- Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.
- 8.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de posgrao: master en Auditoría e Contabilidade, curso de especialista en Auditoría e Contabilidade (X.G. 18-04-01), I master en Dirección de Comunicación e Protocolo, I master en Deseño, Tecnoloxía e Xestión de Productos de Moda-Confección e I curso de especialista en Dirección e Xestión de Establecementos Termiais (X.G. 5-06-01).
- 9.- Regulamento da Facultade de Ciencias da Educación (X.G. 18-04-01).
- 10.- Regulamento do Departamento de Química Orgánica (X.G. 18-04-01).
- 11.- Elección para cubrir vacantes no Tribunal de Garantías (sector PDI - 1, sector estudantes - 1).
- 12.- Elección para cubrir unha vacante na mesa do Claustro no sector PDI.
- 13.- Elección para cubrir unha vacante na Comisión Académica do Claustro no sector estudantes.
- 14.- Rogos e preguntas.

Acta da sesión ordinaria do Claustro

D. Emilio Manuel Fernández Suárez  
 D. Angeles Filgueira Pérez  
 D. José Antonio Fraiz Brea  
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas  
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez  
 D<sup>a</sup>. Secundina García Conde  
 D. Antón García Fernández  
 D. Guillermo García Lomba  
 D. Manuel García Sánchez  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. Carlos Garrido Suárez  
 D<sup>a</sup>. Ana Garriga Domínguez  
 D. José M<sup>a</sup>. Gil Villanueva  
 D<sup>a</sup>. Alma M<sup>a</sup>. Gómez Rodríguez  
 D. José Luis González Cespón  
 D. Alexandre Ínsua Moreira  
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Martín Llamas Nistal  
 D. Álvaro Xosé López Mira  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar López Vidal  
 D. Fernando José Lorenzo Merino  
 D<sup>a</sup>. Patricia Silvia Mascuñán Tolón  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Ana Belén Méndez Fernández  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D<sup>a</sup>. Ascensión Muñoz Del Barrio  
 D. Xosé Luis Outes Ruso  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Consuelo Pazo Martínez  
 D. Felipe Pereiras Rodríguez  
 D. Cándido Pérez Betanzos  
 D. Elías Pérez Carrera  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. Javier Pérez Guerra  
 D. Xabier Pimentel González  
 D. Albino Prada Blanco  
 D. Félix Quintero Martínez  
 D<sup>a</sup>. Asunción Ramos Stolle  
 D. Manuel Angel Rey Fraile  
 D. Filemón Rivas Conde  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Rivero Fernández  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Luis Rodríguez Ennes  
 D. Manuel Enrique Rodríguez Moldes  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Rodríguez Seoane  
 D. José Óscar Rubiños López  
 D<sup>a</sup>. Veljka Ruzicka Kenfel  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Iago Soto Mata  
 D<sup>a</sup>. Mercedes Suárez Pazos  
 D. Juan Carlos Surís Regueiro  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Concepción Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup>. Dolores Troncoso Durán  
 D. José Ángel Vázquez Barquero  
 D. Camilo Vázquez García

**DESCULPAN ASISTENCIA**

D. José María Correa Montero  
 D<sup>a</sup>. María Fernández Silva  
 D. Eduardo Godoy Malvar  
 D. Ángel Latas Parada

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (3-04-2001) e (14-05-2001).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do Rector.

Neste punto, o Rector informa sobre as xutanzas da CRUE e do Consejo de Universidades que tiveron lugar para tratar do anteproxecto da Lei de Universidades.

**Punto 3.-** Presentación do balance anual do Rector.

O Rector comeza dicindo que este documento ( anexo I ) non é só o balance do Rector senón o balance da Universidade nun curso clave no que se levaron a cabo os traballos que conduciron á presentación do proxecto de programación plurianual.

Neste curso consolidáronse infraestructuras docentes, de investigación e de servicios. Houbo un forte aumento do número de teses de doutoramento e de proxectos de investigación. Incrementouse o número de cátedras financiadas por empresas e se traballou na difusión da cultura emprendedora, apoiando as iniciativas dos estudantes.

No ámbito académico destaca a aprobación da normativa de permanencia e avaliación curricular, o aumento de participación na enquisa de avaliación docente e a proposta de creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para o Campus de Vigo, coa integración da titulación de Relacións Laborais. Cita tamén a implantación do correo electrónico para tódolos estudantes, a instalación das aulas Internet, os proxectos da Oficina de Medio Ambiente, a creación da Área de Normalización Lingüística e as actividades culturais.

Finaliza pedindo ós claustrais que se sumen ó apoio do balance presentado.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O Sr. Fernández Gesto di que en temas de Política Lingüística se están levando a cabo bastantes accións e que hai que seguir traballando mais, Concreta tamén a súa valoración positiva en accións do Vicerrectorado de Docencia e Alumnado e da Oficina de Medio Ambiente.

O profesor Fernández Suárez cualifica de esperpéntica a política de investigación e critica que aínda non estean repartidos tódolos fondos da produción científica.

Indica que, sin embargo, houbo melloras no funcionamento da rede, do parque móbil e na xestión económica.

O profesor Gallego Veigas desaproba os criterios de configuración de grupos de investigación.

O profesor R. Berrocal critica o non reparto dos fondos de produción científica e a ausencia do apartado de infraestructuras na convocatoria de investigación deste ano. En temas de profesorado censura o aumento do profesorado non consolidable e a non elaboración do regulamento de profesores visitantes. No que atinxe a planificación critica que haxa obras onde antes había lagos ou zonas deportivas.

A profesora Troncoso non comparte en absoluto a visión catastrofista da intervención anterior .

O profesor Cid Sabucedo critica o proceso seguido na creación da Facultade de Educación do Campus de Ourense e as actuacións da Comisión de Reclamacións.

A Sra. Corbacho Suso anuncia a súa abstención.

A continuación responden ás intervencións anteriores o Rector e os Vicerrectores de Planificación, Investigación, Profesorado e Organización Académica.

No segundo turno interveñen os profesores Fernández Suárez, R. Berrocal e Cid Sabucedo.

Este último fai unha intervención que se engade á acta como anexo II.

A continuación vótase o balance:

A favor	57 votos
En contra	15 votos
Abstencións	6

Apróbase.

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, do acordo de integración da titulación de Relacións Laborais (X.G. 28-05-01).

Apróbase por asentimento ( anexo III)

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da proposta de creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (X.G. 28-05-01).

Sométese a votación:

A favor 49 votos  
En contra 4 votos  
Abstencións 9

Apróbase.

**Punto 6.-** Proposta de creación de novos Departamentos: Lingua Española, Literatura Española e Teoría da Literatura, Traducción e Lingüística, Dereito Público Especial (X.G. 5-06-01)

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.-** Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.

O Presidente do Tribunal de Garantías, profesor D. Luis Espada Recarey presenta o informe anual diante do Claustro. A continuación , o Rector manifesta o agradecemento da comunidade universitaria ó Tribunal de Garantías polo traballo realizado.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de posgrao: master en Auditoría e Contabilidade, curso de especialista en Auditoría e Contabilidade (X.G. 18-04-01), I master en Dirección de Comunicación e Protocolo, I master en Deseño, Tecnoloxía e Xestión de Productos de Moda-Confección e I curso de especialista en Dirección e Xestión de Establecementos Termais (X.G. 5-06-01).

Sométense en conxunto a votación:

A favor 31 votos  
En contra 5 votos  
Abstencións 1

Apróbanse.

**Punto 9.-** Regulamento da Facultade de Ciencias da Educación (X.G. 18-04-01).

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.-** Regulamento do Departamento de Química Orgánica (X.G. 18-04-01).

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Elección para cubrir vacantes no Tribunal de Garantías (sector PDI - 1, sector estudantes - 1).

Sector PDI: Foi presentada a candidatura de D. Javier Pérez Guerra. Houbo 38 votos emitidos dos que 33 foron a favor e 5 en branco.

Sector Estudiantes: Foron presentadas as candidaturas de D. Víctor Cardador González e D. Juan Pérez de Obanos. Houbo 12 votros emitidos. O Sr. Cardador obtivo 12 votos, o Sr. Pérez de Obanos 0 votos e houbo 0 votos en branco.

Pasan a formar parte do Tribunal de Garantías D. Javier Pérez Guerra ( PDI ) e D. Víctor Cardador Gonzalez ( estudantes )

**Punto 12.-** Elección para cubrir unha vacante na mesa do Claustro no sector PDI.

A única candidatura presentada foi a de Don Álvaro Xosé López Mira ( suplente Don José M<sup>a</sup> Gil Villanueva) que pasa a formar parte da Mesa do Claustro.

**Punto 13.-** Elección para cubrir unha vacante na Comisión Académica do Claustro no sector estudantes.

Non houbo candidaturas

**Punto 14.-** Rogos e preguntas.

O Sr. Ínsua Moreira pregunta polas marquesinas nas paradas de autobuses na zona da Facultade de Económicas e na praza de España.

Levántase a sesión ás 19:30 horas do día 21 de xuño de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co v<sup>o</sup> e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

#### LISTA DE ASISTENTES

D. Miguel Alfonso Pallarés  
 D. José Nicanor Alonso Álvarez  
 D. Luis Alonso Bacigalupe  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Luisa Alonso Escontrela  
 D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín  
 D. Ramón Araujo Casado  
 D. Pedro A. Araujo Nespereira  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Arce Aramendi  
 D. Miguel Ángel Areán Míguez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Cristina Arias Fernández  
 D. Xosé Carlos Arias Moreira  
 D. Enrique Barreiro Alonso  
 D. Ramón Barreiro García  
 D. Gustavo Bergantiño Cid  
 D. Juan Blanco Gutiérrez  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Bouza Álvarez  
 D. Camilo Brandín Feijoo  
 D. Jorge Bravo Bernárdez  
 D. Enrique J. Buch Gómez  
 D. Xulio Calviño Rodríguez  
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
 D. Lino Pedro Canedo de la Torre  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Víctor Cardador González  
 D. Alfonso Caride Losada  
 D. Benjamín Pablo Casanova López  
 D. Javier Castro Martínez  
 D. Pablo Javier Cebra Loureda  
 D. Xosé Manuel Cid Fernández  
 D. Alfonso Cid Sabucedo  
 D. José Cidrás Pidre  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup> Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Henrique Costas González  
 D. Tony Crespo Franco  
 D. Miguel Ángel Crestelo Blanco  
 D. Pedro Cuesta Molares  
 D. José M<sup>a</sup>. da Rocha Álvarez  
 D. Jesús De Andrés Iglesias  
 D. Guillermo De Oca Cancela  
 D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup>. D. de la Montaña Miguélez  
 D<sup>a</sup>. Encarnación De Miguel Villegas  
 D. Javier De Vicente Remesal  
 D. Manuel Deaño Deaño  
 D<sup>a</sup>. Coral Del Río Otero  
 D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. José Durany Castrillo  
 D. Luis Espada Recarey  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D. Manuel Fernández Gesto  
 D<sup>a</sup>. Esperanza Fernández Gómez  
 D. Manuel J. Fernández Iglesias  
 D<sup>a</sup>. Generosa Fernández Manín  
 D<sup>a</sup>. Celso Fernández Silva  
 D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día vinteun de xuño de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 21 de xuño de 2001**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

- Aprobación, se procede, do proxecto de programación plurianual 2001-2004 ( X. G. 28-05-2001)

Intervén en primeiro lugar o Rector para facer unha presentación xeral da programación plurianual para o período 2001-2004.

O documento que se presenta, recolle as propostas da comunidade universitaria manifestada a través de Consellos de Departamento, Xuntas de Centro e dos Consellos de Campus. Foi debatido en varias sesións da Comisión de Planificación da Xunta de Goberno e aprobado en Xunta de Goberno cun alto nivel de consenso. Recordamos que esta programación se presenta nun momento importante para a universidade no que se aveciñan cambios na organización e xestión das universidades: haberá que adecuar os Estatutos ó marco que fixe a nova Lei de Universidades e haberá que tomar decisións derivadas do proceso de configuración do Espacio Europeo da Educación Superior.

D. Ángeles Filgueira Pérez  
 D. José Antonio Fraiz Brea  
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas  
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez  
 D<sup>a</sup>. Secundina García Conde  
 D. Antón García Fernández  
 D. Guillermo García Lomba  
 D<sup>a</sup>. Aida García Molares  
 D. Manuel García Sánchez  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. Carlos Garrido Suárez  
 D<sup>a</sup>. Ana Garriga Domínguez  
 D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva  
 D. J. Santiago Gómez Fraiz  
 D<sup>a</sup>. Alma M<sup>a</sup> Gómez Rodríguez  
 D. José Luis González Cespón  
 D. Manuel González Lorenzo  
 D. Jesús Hernández Sánchez  
 D. Alexandre Ínsua Moreira  
 D. Alfonso Lago Ferreiro  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Xoán Leiceaga Baltar  
 D. Martín Llamas Nistal  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar López Vidal  
 D. Álvaro Xosé López Mira  
 D. Fernando José Lorenzo Merino  
 D<sup>a</sup>. Patricia Silvia Mascuñán Tolón  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Ana Belén Méndez Fernández  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 D<sup>a</sup>. Ascensión Muñoz del Barrio  
 D<sup>a</sup>. Dolores Ojea Troncoso  
 D. Luis Ortíz Torres  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Consuelo Pazo Martínez  
 D. José Peleteiro Salgado  
 D. Cándido Pérez Betanzos  
 D. Elías Pérez Carrera  
 D. Manuel Pérez Donsión  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Flor Pérez Paz  
 D. Javier Pérez Guerra  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. Xabier Pimentel González  
 D. Albino Prada Blanco  
 D. José Carlos Prado Prado  
 D. Félix Quintero Martínez  
 D. Manuel Angel Rey Fraile  
 D. Filemón Rivas Conde  
 D<sup>a</sup>. Dolores Rivero Fernández  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Luis Rodríguez Ennes  
 D<sup>a</sup>. Margarita Rodríguez Holguín  
 D. Manuel Enrique Rodríguez Moldes  
 DD. Raul Fernando Rodríguez Rubio  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Rodríguez Seoane

A continuación destaca os aspectos mais salientables da programación relativos á docencia, titulacións, investigación, administración e servicios, política medioambiental, política lingüística, estudantes, cooperación internacional, extensión universitaria e infraestructuras.

Indica que esta programación é viable e leva consigo o financiamento necesario. Manifesta o seu convencimento que con ela se vai por en valor á Universidade de Vigo e ós seus tres Campus. Convida ós membros do Claustro a sumarse a este proxecto que aspira a ser de todos e que vai contribuir a dar a mellor oferta de educación superior no sur de Galicia.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Legido opina que este documento é un resumo de boas intencións. Deste xeito se lle dá validez ós recursos que chegan da Xunta. Habería que manifestar que os recursos non chegan para os fins propostos.

Di que non é clara a política sobre titulacións e que non se ten en conta o descenso do alumnado. Di que o seu voto vai ser negativo.

O profesor Mazaira di que o equipo de goberno mantivo unha actitude receptiva na elaboración da programación, que a comunidade universitaria foi escoitada e que quedan recollidas as aspiracións dos Consellos de Campus. No que atinxe á Cidade Universitaria S.A., di que se trata dun instrumento eficaz, de efecto multiplicador da inversión. Anuncia o seu voto favorable ó proxecto.

D. Antonio Rotea Villanueva  
 D. José Óscar Rubiños López  
 D<sup>a</sup>. Veljka Ruzicka Kenfel  
 D. José Luis Sáez Ocejo  
 D. Elena Sánchez Trigo  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro  
 D. Iago Soto Mata  
 D<sup>a</sup>. Mercedes Suárez Pazos  
 D. Juan Carlos Surís Regueiro  
 D. Javier Taboada Castro  
 D. José Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Concepción Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup>. Dolores Troncoso Durán  
 D. Antonio Vaamonde Liste  
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya  
 D. José Ángel Vázquez Barquero  
 D. Camilo Vázquez García  
 D. José Ángel Veiro García  
 D. Manuel Velasco Graña

**DESCULPAN ASISTENCIA**

D. José María Correa Montero  
 D<sup>a</sup>. María Fernández Silva  
 D. Eduardo Godoy Malvar  
 D. Ángel Latas Parada

O profesor Membiela manifesta o seu apoio en xeral e concretamente no referente as titulacións e infraestructuras ( en particular no Campus de Ourense). Fai unha valoración conxunta positiva.

O profesor Outes di que querría votar que si a este proxecto pero vai votar que non por cuestións metodolóxicas, xa que o tema non foi tratado na Comisión de Planificación do Claustro. Opina que non ten sentido formular obxectivos que non poden ser cumpridos. Considera pouco serio pedir máis de vinte titulacións sen facer un estudio rigoroso que inclúa demanda social, calidade, profesorado, etc. Di que se presta pouca atención ó CACTI e ós laboratorios docentes.

O Sr. Pérez Betanzos di que, de acordo co programa electoral, con esta programación se camiña na profesionalización da xestión universitaria. Valora positivamente este proxecto.

O profesor Prada di que despois dos dez primeiros anos, se está a dar un paso decisivo na consolidación da Universidade. Considera que Cidade Universitaria S.A. é unha ferramenta imprescindible para que a docencia e a investigación se faga nas mellores condicións. Di que as titulacións que se solicitan teñen un bo entronque co contorno social, aproveitan os recursos xa existentes, teñen en conta a fomación de capital humano e permiten acadar unha boa interrelación entre as titulacións entre si e entre as titulación e cátedras de Empresa xa existentes como Citroen, Coren, etc. Indica que é claro que esta programación permite que a Universidade aumente o seu liderazgo e acade un maior



entronque social.

O profesor R. Berrocal compara ó Rector co flautista de Hamelín por tocar unha música que soa moi ben pero que non nos leva a ningunha parte. Pregúntase como se van a levar a cabo os obxectivos fixados no documento e di que hai pouca concreción.

O profesor Tojo di que o documento e moi ambicioso e ó mesmo tempo é imposible de cumprir co financiamento disponible. Cualifica de pouco seria, pouco rigorosa e pouco académica a relación de titulacións. Di que o momento de presentar a programación é pouco oportuno tendo en conta que no ano 2002 haberá que elixir outro claustro.

O profesor Vázquez García destaca os aspectos relativos ós programas de calidade e ó Centro de Formación Permanente. Anuncia o seu voto favorable.

O profesor Arias Moreira felicita ós claustrais polo tono de intervencións. Di que esta proposta merece ser apoiada e destaca en particular, aspectos relativos a Institutos de Investigación, infraestructuras, e ó Centro de Formación Permanente que cualifica de idea novedosa e moi ambiciosa.

O profesor Barreiro di que a programación marca obxectivos ambiciosos cos que todos estamos de acordo pero falta rigor na presentación para facer creíble a posibilidade de cumprilos. Opina que as titulacións deberían presentarse por campus. Di que non pode apoiar esta proposta.

O profesor Cid Fernández apoia esta programación que mira ó futuro e que debe presentarse independentemente de cando se renove o Claustro.

O profesor Cid Sabucedo di que esta programación non pode recibir o apoio dos claustrais e menos dos de Ourense. Manifesta que a petición de titulacións é incoherente e non ten en conta a evolución do número de estudantes.

O profesor Corbacho di que a programación agora presentada é extemporánea: o que está feito xa está feito e o resto non sabemos se se levará a cabo. Anuncia a súa abstención.

A Sra. Corbacho Suso considera que o proxecto debería estar máis cimentado nos órganos de goberno; di que se vai abster na votación.

O profesor Durany di que o proxecto é realista e ten garantizado o financiamento. Manifesta que o equipo de goberno ten credibilidade para levar a cabo o proxecto e valora moi positivamente a súa capacidade para acadar recursos externos, tendo en conta os datos dos últimos anos. Non comparte a mentalidade catastrofista dalgunhas intervencións e insiste na confianza que lle inspira esta programación que vai levar á universidade polo bo camiño.

O profesor Candelas di que o documento parece unha mezcla de balance e de programación e que hai descompensación entre varios apartados. Considera interesante a idea do Centro de Formación Permanente e suxire un cambio de redacción no que atinxe ó Servicio de Traducción. Finaliza anunciando a súa abstención.

A profesora Fernández Gómez di que hai falta de criterio na relación das titulacións, que falta concreción e que deberían estar asignadas a Campus e Centros. Opina que hai falta de xustiza distributiva se se comparan os investimentos nos Campus de Orense e de Vigo. Di que a actitude hacia

o Campus de Ourense motivou en parte a actual corrente de segregación. Pide ós claustrais de Ourense que non apoiem o proxecto.

O profesor Gallego Veigas opina que o documento nin é un proxecto, nin é unha programación, nin é plurianual; trátase dunha carta ós Reis Magos. Di que non se está apostando por unha universidade pública e de calidade.

O profesor García Vázquez aclara que a programación plurianual non ten porque ser un plano estratéxico. Fai súas as intervencións do profesor Prada ( no referente a titulacións) e do profesor Arias Moreira ( referente os Institutos e o Centro de Formación Permanente). Valora positivamente o recoñecemento da docencia práctica a tódalas titulacións e as iniciativas conducentes á creación de empresas, prácticas de estudantes, cooperación internacional e avaliación institucional. Finaliza manifestando que esta programación establece accións de goberno que porán en valor á Universidade de Vigo na competencia universitaria.

O Sr. Garrido Bernárdez, facendo unha valoración sobre o debate, di que hai dous tipos de intervencións: as que conciben goberno como xestión e as que miran ó futuro e plantexan accións de goberno. Pide que se deixe facer a aqueles que traballan por unha universidade pública e de calidade.

A continuación interveñen o Rector. Agradece as intervencións e roga que non se faga catastrofismo. Insiste en que na programación se formulan as liñas xerais nas que pode traballar a universidade, non necesariamente este equipo de goberno. Detalla os fortes investimentos dos últimos anos no Campus de Ourense. Acepta o cambio de redacción na páxina 13 proposto polo profesor Candelas e corrixe un erro na páxina 7 na denominación do Departamento H11, que debe ser Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura.

Nun segundo turno interveñen os profesores Legido, Mazaira, Membiela, R.Berrocal, Tojo, Barreiro, Cid Sabucedo, Fernández Gómez, Gallego Veiga e o Rector que volve a responder en conxunto ás intervencións.

A continuación sométese a programación a votación:

A favor	80 votos
En contra	24 votos
Abstencións	12

Apróbase o proxecto de programación plurianual 2001-2004 para a súa remisión ó Consello Social ( ANEXO).

Levántase a sesión ás 14:30 horas do día 21 de xuño de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

Domingo Docampo Amoedo

A Secretaria Xeral,

Margarita Estévez Toranzo